



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DAS EMBARCACIÓNS SELECCIONADAS, COA PUNTUACIÓN DEFINITIVA, PARA O OUTORGAMENTO DO PERMEX COA MODALIDADE DE ALGAS, AO ABEIRO DO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO MEDIANTE MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DESDE SUPERFICIE, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAMBADOS APROBADO PARA O TRIENIO 2025 – 2027

ANTECEDENTES

1. Mediante a Resolución do Departamento Territorial de Vigo do 20 de febreiro de 2025 convocouse o proceso selectivo e abriuse o prazo de presentación de solicitudes para o outorgamento da modalidade de algas para unha (1) embarcación, con dúas (2) cotas, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de algas mediante mergullo con subministro de aire dende superficie da Confraría de Cambados.
2. Presentáronse dúas (2) solicitudes ao proceso selectivo. En data 7 de marzo de 2025, un dos solicitantes achega escrito de renuncia ao proceso selectivo.
3. Mediante Resolución do 18 de marzo de 2025 do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo apróbase **a relación das embarcacións admitidas, coa puntuación provisional, acéptase a renuncia** do armador da embarcación **A TOXA DOS (VI-1-1-02)**, declarándoo desistido do proceso selectivo e ábrese un prazo de 15 días hábiles para a presentación de alegacións.
4. Non prazo establecido non se presentaron alegacións.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 42º da *Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro*, establece que: "A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión".
2. A *Orde do 30 de decembro de 2015* determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.
3. A *Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro* establece o baremo para acceder as modalidades de recursos específicos no permiso de explotación.





4. O Departamento Territorial de Vigo é competente para ditar as resolucións deste proceso selectivo segundo establece o artigo 52 da *Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

Seleccionar a embarcación para a obtención do permex coa modalidade de algas para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de pescadores de Cambados (ANEXO I).

2. Abrir un prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que as persoas armadoras da embarcación seleccionada presente a seguinte documentación para a obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) **Rol de despachos** actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada.
- b) **Certificacións profesionais** que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da *Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia*, DOG nº 13, do 21/01/2016).
- c) **No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes** ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.
- d) **Certificación da confraría** de pescadores respecto da súa pertenza como asociado.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desiste da súa solicitude.

Ademais, de acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, a persoa armadora da embarcación seleccionada que presentase a documentación dentro do prazo establecido deberá cumprir cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- a) **A persoa armadora da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos**, debendo renunciar a este no momento de obtención da modalidade.





- b) **Non ter sancións firmes** en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento

O departamento territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015.

Está resolución estará exposta na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Pontevedra, da Xefatura Comarcal de Vilagarcía e no taboleiro de anuncios da Confraría de Pescadores.

Contra esta resolución que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo de un mes, a contar dende o día seguinte ao de publicación desta resolución, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm.236, do 2 de outubro de 2015)

A directora territorial

María Elena Suárez Sarmiento



ANEXO I

Proceso selectivo para a obtención da modalidade de **ALGAS** ao abeiro do Plan de xestión para o recurso específico dende embarcación, mediante mergullo con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Cambados.

EMBARCACIÓN SELECCIONADA:

NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA	1.EXPERIENCIA PROFESIONAL ARMADOR	2.HABITUALIDADE DA ACTIVIDADE PESQUEIRA	3. ANTIGÜIDADE DA EMBARCACIÓN NUN PORTO BASE INCLUÍDO NO ÁMBITO TERRITORIAL DAS ENTIDADES TITULARES DO PLAN	4.NÚMERO DE ARTES	5. FORMACIÓN	6. PERSOAS ENROLADAS DO XÉNERO FEMININO	TOTAL
MARIÑA	VI-5-9940	0,00	2,50	3,00	2,00	0,00	0,00	7,50

